


Apariencia do escritorio

Podemos modificar o tema do noso escritorio e elixir entre varias posibilidades para adaptar a aparencia da pantalla as características visuais do noso alumnado: alto contraste, alto contraste invertido e tamaño e tipos de letra.




Atallos de teclas

Para aqueles usuarios que teñan dificultade no manexo do rato e do teclado por dificultades motrices podemos facilitar a execución de ordes habituais a través de atallos de teclas. Moi útil para asociar unha combinación de teclas ás opcións de accesibilidade.



Rato

Podemos mellorar e facilitar o control do movemento do rato, cursor e pulsación dos botóns a través das preferencias do rato.




http://www.caloto.es/smart/index_smart.html

Magnificador, lector de pantalla ORCA


O proxecto **ORCA** ofrécenos ferramentas de síntese de voz para que o ordenador lea en voz alta o que aparece na pantalla, coa posibilidade de traballar con Braille e un magnificador de pantalla. Forma parte da plataforma “Gnome” de [Linux](http://projects.gnome.org/orca/).





Teclado dixital; Keyonboard

Teclado que poderemos configurar en canto a tamaño e pode sernos moi útil no traballo con alumnos con necesidades específicas de atención educativa.



Cellwriter; recoñecemento de escritura manual

Para introducir datos a través da interface táctil ou co lapis.

